



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUROS

*Anuncio de exposición ao público do acordo de aprobación inicial do expediente n.º 235-2/2020SC de concesión de suplemento de crédito do orzamento municipal de 2015-prorrogado*

#### ANUNCIO

#### **ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE N.º 235-2/2020SC DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2015-PRORROGADO**

O Pleno da Corporación do Concello de Muros, en sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2020, aprobou inicialmente o expediente núm. 235-2/2020SC de concesión de suplemento de crédito do orzamento municipal de 2015-prorrogado.

En aplicación do previsto no artigo 38 do RD 500/1990, do 20 de abril, en relación cos artigos 169, 170 e 177.2. do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estará a disposición dos interesados no punto de acceso xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia seguinte: sede electrónica do concello de Muros, sede.muros.gal, onde está inserto o portal de transparencia así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Secretaría deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.


Contra a citada aprobación inicial poderán os interesados interpor reclamacións ante o Pleno do Concello, no transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. No suposto de non presentarse reclamacións durante o referido prazo, a modificación considerárase definitivamente aprobada entrando en vigor o día da publicación no BOP do resume por capítulos dos estados de gastos e ingresos do orzamento municipal.

Muros, 30 de outubro de 2020.

A alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero

2020/7839



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Maria Ofir Aboy García en calidade de Secretaria Xeral do Concello de Muros

**Certifico:**

Que o pleno do concello de Muros en sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2020 adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“Terceiro . Aprobación inicial do expediente núm 235/2020 (2/2020SC) de concesión de suplmento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado.**

Rematadas as intervencións o pleno da corporación o Pleno da corporación por maioría absoluta dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e a abstención do grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

**EXPEDIENTE NÚM. 235/2020 (2/2020SC) DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2015 –PRORROGADO.**


Aprobada, mediante Resolución da Alcaldía núm. 480/2020 do 28/04, a liquidación do Orzamento Municipal de 2015- prorrogado no exercicio 2019, que arroxa incumprimento das regras fiscais e un remanente de tesourería para gastos xerais, antes de axustes, de 724.003,24 euros.

Ditada, Resolución da Alcaldía núm. 384/2020, do 26/03 pola que se aproba o expediente de incorporación obrigatoria de remanentes de crédito financiados co remanente líquido de tesourería por importe de 122.626,54 euros dos cales 66.952,61 euros, corresponden aos ingresos obtidos con carácter prepagable para as fases 9ª, 11ª, 13ª e 17ª de rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbanas do núcleo histórico do Concello de Muros e 55.673,93 a excesos de financiamento afectado.

Estando en fase de tramitación o expediente núm. 1/2020SC de concesión de suplemento de crédito, no que se contempla un aumento da dotación inicial financiada co remanente líquido de tesourería por importe de 132.471,75 euros, correspondente ao resto dos excesos de financiamento dos referidos proxectos de rehabilitación edificatoria.

Considerando que como consecuencia das modificacións anteriores o saldo do remanente líquido de tesourería para gastos xerais ascende a 468.905,45 euros sendo de libre aplicación por non caer esta Entidade dentro do ámbito de aplicación do artigo 32 e da disposición adicional 6ª da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pero con suxección as regras contidas no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Expresión	RTGX
<b>1. Remanente de tesourería para gastos xerais</b>	<b>724.003,74</b>
2. Remanentes aplicados por DF (+) de financiamento non	-66.952,61



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

consideradas Exp 1/2020IR	
3. Remanentes aplicados por DF (+) acumuladas de financiamento. Exp. 1/2020IR	-55.673,93
3. Saldo provisional do Remanente líquido de Tesourería	601.377,20
4. Remanentes non aplicados por DF (+) de financiamento non consideradas Expt. 1/2020SC	-132.471,75
<b>5. Saldo final do Remanente líquido de Tesourería</b>	<b>468.905,45</b>

Tendo en conta que, da aplicación da regra contida no artigo 12.5. da citada lei orgánica, dedúcese a inexistencia de maiores ingresos recadados sobre as previsións iniciais e, en consecuencia, non procede destinar cantidade algunha do remanente de tesourería á amortización anticipada da débeda financeira.

Considerando que o Pleno da corporación en sesión celebrada o 9 de marzo de 2020 adoptou acordo de aprobación do expediente núm. 1/2020 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 370.671,04 euros sen financiamento adicional e, polo tanto, con imputación aos créditos iniciais do exercicio 2020 e con minoración das dotacións orzamentarias para atender os compromisos de gastos do exercicio corrente.

Considerando, igualmente, que no exercicio 2020 foron executadas ou están en fase de execución sentenzas xudiciais firmes da xurisdicción laboral con repercusión económica por importe de 67.336,94 euros, e que están pendentes de executar sentenzas firmes cuxo impacto económico están actualmente sendo calculados polo servizo de persoal.


Emitido informe de Intervención núm. 223/2020 do 13/10 informando favorablemente o presente expediente de concesión de suplemento de crédito e formulando advertencias e observacións en relación co incumprimento das regras fiscais.

Considerando que se trata de gastos inaprazables que non poden demorarse ao exercicio seguinte, que se trata, igualmente, de gastos específicos e determinados, e que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Orzamentario das Entidades Locais.

Considerando, ningunha das aplicacións afectadas pola modificación ten carácter de ampliable e, polo tanto, cúmplase o establecido no artigo mediante acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31/07/2019 modificou o anexo de investimentos e a Base 13ª das BEO/2015 -prorrogadas, no sentido de non declarar como ampliable a aplicación 336.78000, do estado de gastos, aos efectos de viabilizar a modificación orzamentaria.

De conformidade co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, do 20 de abril, que atribúe ao Pleno a competencia para a probación do expediente, sendo preceptiva a previa emisión de ditame pola Comisión Informativa de Persoal, Economía e Facenda e Especial de Contas, salvo supostos de acordos declarados urxentes, de a cordo co establecido no artigo 123 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, é ha visto o dictame da comisión informativa o pleno da coporación adopta o seguinte

Acordo:




**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente núm. 235/2020 (2/2020SC) de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado, de acordo co seguinte detalle:

**I.- ESTADO DE GASTOS**


**I.A) Habilitacións**

Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
	20/132.13100	Sentenza I.P.C. Retribucións persoal laboral temporal	3.071,56
	20/134.22000	Material de oficina ordinario non inventariable	798,60
	20/135.22601	Atencións protocolarias e representativas	90,98
	20/136.13102	Sentenza J.D.B.C. Outras remuneracións	9.298,93
	20/136.20300	Arrendamento de maquinarias, instalacións e utilaxe	6.500,00
	20/136.21300	Reparacións de maquinaria, instalacións e utilaxe	4.000,00
	20/136.22114	Subministro para prevención e extinción de incendios	14.597,52
	20/136.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	2.642,12
	20/150.13000	Sentenza J.R.F.S. Retribucións básicas	30.100,00
	20/150.13100	Retribucións persoal laboral temporal. A.A.N.	16.547,28
	20/150.22603	Publicacións en diarios oficiais	2.281,10
	20/150.22706	Estudos e traballos técnicos	8.480,53
	20/150.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	2.541,82
	20/1522.21200	Reparacións, mantemento e conservacións de edificios e cons	7.048,25
	20/1531.61900	Investim. de reposicións e infraestruturas e bens destinados	7.570,79
Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
	20/1532.22114	Subministro de materiais para reparacións acceso nucleos	1.133,50
	20/160.22699	Outros gastos diversos	20.573,08
	20/160.22706	Estudos e traballos técnicos	40.035,01



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

20/160.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	4.945,00
20/160.60900	Investim. en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	10.081,40
20/1621.46300	Transferencias a Mancomunidade Serra da Barbanza	40.953,77
20/1622.22699	Outros gastos diversos	7.312,39
20/163.13101	Retribucións horas extras	5.515,53
20/231.22114	Subministros para Asistencia Social Primaria	1.178,27
20/231.46600	Outras entidades que agrupan a municipios	2.690,84
20/311.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profes.	20.007,53
20/320.22699	Outros gastos diversos	8.751,20
20/322.22199	Outros subministros	1.337,33
20/330.22500	Tributos estatais. SGAE	17.787,76
20/330.22602	Publicidade e propaganda	6.461,95
20/330.22609	Actividades culturais e deportivas	27.366,54
20/3321.22001	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	4.409,47
20/338.20300	Arrendamento de maquinaria, instalacións e utillaxes	9.075,00
20/338.22501	Tributos das comunidades autónomas	2.759,94
20/338.22602	Publicidade e propaganda	6.722,00
20/338.22609	Actividades culturais e deportivas	3-350,00
20/338.22612	Outros gastos diversos	8.023,26
20/340.13100	Sentenza M.D.B.S. Retyribucións persoal laboral temporal	32.079,38
20/340.13101	Retribucións horas extras.	4.074,32
20/450.13101	Retribucións horas extras	2.919,82
20/450.21400	Reparación, mantemento e conserv.elementos de transporte	6.803,69
20/450.22103	Combustibles e carburante	7.131,68
20/450.22111	Reparación de maquinaria, instalacións e utillaxes	4.379,64
20/912.23000	Órganos de goberno	4.807,56
20/920.13100	Retribucións persoal laboral temporal	587,50



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

	20/920.20600	Arredamento de equipos para procesos de información	5.088,18
	20/920.21200	Reparacións, mantemento e conservacións de edificios ..	2.711,58
	20/920.22001	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	1.877,03
	20/920.22200	Servizos de telecomunicacións	5.194,40
	20/920.22501	Tributos das comunidade autónomas	2.344,44
	20/920.22699	Outros gastos diversos	1.095,49
	20/920.22706	Estudos e traballos técnicos	10.890,00
Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
	20/932.22604	Costas procesais sentenza M.D.B.C.	910,73
	20/934.22603	Publicacións diarios oficiais	3.743,23
	20/934.35200	Interese demora por execución de sentenzas.	6.226,53
		<b>TOTAL habilitación</b>	<b>468.905,45</b>

## II.- ESTADO DE INGRESOS. FINANCIAMIENTO

### II.A) Con cargo ao Remanente líquido de tesourería

Proxecto	Partida	Expresión	Importe
	20/870.00	Activos financeiros. Remanente líquido de tesourería	468.905,45
		<b>TOTAL financiamento</b>	<b>468.905,45</b>


### II.B) Baixas ou anulacións de créditos

Partida	Expresión	Importe
	TOTAL .....	0,00

### II.C) Novos ou maiores ingresos

Partida	Expresión	Importe
	TOTAL .....	0,00

## III. RESUME DA MODIFICACIÓN



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Expresión	Euros
1.Total suplemento de crédito	<b>468.905,45</b>
2.Financiamento:	<b>468.905,45</b>
a) Remanente Líquido de Tesourería	468.905,45
b) Baixas ou anulación de créditos	0,00
c) Novos ou maiores ingresos	0,00
3. FINANCIAMENTO IGUAL A HABILITACIÓNS.....	<b>468.905,45</b>

**SEGUNDO.** Proceder a publicación e tramitación do expediente nos términos previstos no artigo 169 do RD legislativo 20/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril e na Base 12ª das BEO/2015-prorrogadas.

**TERCEIRO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal Municipal e Negociado de Contabilidade. “

E para que así conste, coa excepción do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, ao non terse aprobada a Acta e, por tanto, a reserva dos termos que resulten da aprobación correspondente, expido o presente certificado da orde e co visto e praxe da Alcaldesa-Presidenta dona María Inés Monteagudo Romero na data ao marxe referenciada.

Documento asinado electrónicamente

## Informe de Intervención núm. 161/2019.

Órgano destinatario. Alcaldía –Presidencia e Pleno da Corporación.

Asunto: Destino do superávit orzamentario do exercicio 2018.

**D. FERNANDO V. ABRALDES ROIS**, Interventor xeral do Concello de Muros (A Coruña), en cumprimento do establecido nos artigos 220 e 221 do Real decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais, e aos efectos do establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, emite o seguinte **INFORME**:

### I. Antecedentes.

(1) Con data 21/05/2019 emitíuse informe de intervención núm. 123/2019 en relación cos datos deducidos da Liquidación do Orzamento Municipal de 2015, prorrogado no exercicio 2018. Para a aplicación do superávit do exercicio 2018, resulta relevante destacar os axustes que se recollen no seu punto VII: “ **VII. Cálculo axustado do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais e do aforro neto.** (31) *O anterior determina que o tendo en conta as consideracións recollidas neste informe en especial nos parágrafos (8). a) e b), (29) e (30) o Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, unha vez tidas en contas as incidencias comentadas quedaría como segue:*

*Remanente de Tesourería para G.X. deducido da contabilidade 893.800,61 euros*

*(-) Axustes derivados de DF positivas acumuladas non consideradas 213.174,61 euros*

*(-) Axustes derivados de DF positivas acumuladas non consideradas 32.998,11 euros*

*(-) Gastos realizados sen dotación orzamentaria (saldo conta 413) 158.390,33 euros*

*(-) Saldo a 31/12 das devolucións de ingresos 40.334,12 euros*

**(=) REMANENTE DE TESOURERÍA G. XERAIS AXUSTADO 448.903,44 euros”**

(3) Os axustes extracontables referidos ás desviacións de financiamento positivas acumuladas que se citan afectan, segundo o xa indicado en dito informe: a “*un total de 180.176,50 euros cobrados con carácter de subvencións prepagables nos exercicios, 2017 (103.329,78 €) e 2018 (76.846,72 €) correspondentes, segundo os antecedentes consultados por esta Intervención e salvo erro u omisión involuntaria, aos compromisos firmes de apartación materializados mediante acordos da Comisión bilateral celebradas o 26 de outubro de 2017 e 26 de outubro de 2018, relativos a área de rexeneración e renovación urbana do núcleo histórico de Muros (A Coruña) Comunidade Autónoma de Galicia. Prórroga do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 (Anualidades 2017 e 2018). Ditos ingresos non foron obxecto do correspondente proxecto de gasto con financiamento afectado ca estrutura formal e material esixido polas Regras 25 e 26 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (IMNCL) e, como consecuencia delo, a 31/12/2018 non se calcularon as desviacións de financiamento positivas imputables e acumuladas*



*que deberon ter reflexo no cálculo do remanente de tesourería para gastos xerais minorando o seu resultado nas referidas axudas prepagables. A omisión no cálculo das desviacións a través do proxecto de gasto deu lugar a imposibilidade de realizar a incorporación obrigatoria dos remanentes no exercicio seguinte, de acordo co establecido na 47.5. do RD 500/1990, do 20 de abril, por canto non é posible emitir, polo importe total da axuda anticipada, o certificado de existencia de remanentes incorporables, esixido pola Regra 16 da IMNCL ao omitirse, no momento do ingreso material, a incoación e posterior aprobación do preceptivo expediente de xeración de créditos nos termos previstos no artigo 43 do citado RD. b) Estas carencias esenciais na xestión orzamentaria, tamén se produciron no proxecto correspondente a anualidade 2016, cuxos expedientes de concesión de axudas están actualmente suspendidos pendentes de resolución polo reparo formulada pola Intervención Municipal con data 18/04/2018 e que igualmente, para garantir a existencia de dotación orzamentaria, houberan requerido a incorporación obrigatoria no exercicio 2017 das cantidades ingresadas anticipadamente. Ditos expedientes ascenden a cantidade de 26.546,00 euros contando todos eles a calificación definitiva outorgada pola Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia. O importe dos ingresos realizados correspondentes a este proxecto ascenderían a 32.998,11 euros que, igualmente, teñen impacto que sobre o remanente de tesourería e as desviacións de financiamento positivas acumuladas non reflectidas e non incorporadas na liquidación do exercicio 2016 e posteriores.(...)”*

(3) No informe de Intervención núm. 124/2019 do 21/05 sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto, débeda pública e sostenibilidade financeira referido á liquidación do orzamento xeral consolidado do Concello de Muros para o exercicio 2018, en relación cos aspectos relevantes para a aplicación do superávit orzamentario, púxose de manifesto no seu apartado VII o cumprimento do obxectivo de estabilidade arroxando unha capacidade de financiamento de 870.726,32 euros, e un incumprimento do período medio de pago a provedores (PMPP) que quedou fixado no último trimestre do ano en 31,96 días.

(4) A Alcaldía en cumprimento do establecido no artigo 191.3. do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ditou Resolución núm. 627/2019 do 21/05 aprobando a liquidación do exercicio 2018 que arroxaba como magnitudes destacadas: a) resultado orzamentario axustado : 867.843,55 euros, e b) remanente de tesourería para gastos xerais sen axustar: 893.800,61 euros.

(5) Como consecuencia das consultas feitas con posterioridade a data de aprobación da liquidación, os axustes extracontables do remanente de tesourería para gastos xerais, deben ser modificados ao considerar outros ingresos realizados do mesmo proxecto de gasto que se cita no parágrafo (3) que no se computaron no cálculo inicial e que afectan directamente a aplicación do superávit no exercicio 2019.

## II. Disposicións básicas de aplicación.

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- RD 500/1990, do 20 de abril.
- Lei 7/1986, do 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local.
- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.
- RD legislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto-lei 10/2019, do 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financeiros sostibles e se adoptan outras medidas en relación coas funcións do persoal da entidades locais con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e procedemento de retención de recursos dos rexímenes financeiros, previtos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

## III. Regras para a aplicación do superávit orzamentario.

(4) As regras que afectan as Entidades locais para a aplicación do superávit orzamentario recóllense en dous texto normativos de carácter básico. Por unha banda nos artigos 12.5. e 32.1. e na Disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), e por outra na Disposición adicional décimo sexta do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), cuxo contido foi prorrogado para o exercicio 2019 polo Real Decreto-lei 10/2019, do 29 de marzo.

(5) O artigo 12.5. da LOEOSF establece como primeira regra básica para o destino do superávit que “Os ingresos que se obteñan por encima do previsto destinaráse íntegramente a reducir o nivel da débeda pública.” O artigo 32.1. do mesmo corpo legal dispón que “No suposto en que a liquidación orzamentaria situárase en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidade Autónomas e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fora inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda.” O punto 3 do mesmo artigo aclara que “A efectos do previsto neste artigo enténdese por

*superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea”.*

(6) Mención a parte merece a Disposición adicional sexta da LOEOSF que determina regras especiais para o destino do superávit orzamentario nas Entidades locais e que será de aplicación en aquelas nas que concorran as seguintes circunstancias: “a) *Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de de autorización de operacións de endebedamento.* b) *Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei. No ano 2014 [debe entenderse referido ao ano 2019 en virtude do establecido no Real Decreto-lei 10/2019, do 29 de marzo], aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte: a) As Corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superavit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de “Acredores por operación pendentes de aplicar a orzamento”, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior. b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe indicado na letra a) anterior se mantivese con signo positivo e a Corporación local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberáse destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en dito exercicio 2014 [2019]. c) Si cumprido o previstos nas letras a) e b) anteriores a Corporación local tivera un saldo positivo do importe indicado na letra a), este poderá destinarse a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan calificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo. Para aplicar o previsto no párrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade. Excepcionalmente, as Corporacións locais que no exercicio 2013 [2018] cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento no exercicio 2012 [2017], e que ademais no exercicio 2014 [2019] cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 [2019] o superávit en contabilidade nacional, ou se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012 [2017], consonte ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de*

*gobierno. 4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra do gasto definida no artigo 12. 5. En relación con exercicios posteriores ao 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderás habilitar, atendendo a coxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo”.*

(7) A Disposición adicional centésimo décimo oitava da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, de interpretación do punto 1.b) da disposición adicional transcrita no parágrafo anterior, aclarou que “Co obxecto da aplicación da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumentan no marco da disposición adicional primeira da dita lei orgánica que, segundo esta, se debe descontar do remanente de tesouraría para gastos xerais, identifícase co importe das anualidades dos préstamos formalizados e vixentes co Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores, en liquidación, e cos compartimentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, correspondentes ao exercicio a que se refira o mencionado remanente de tesouraría”.

(8) Finalmente a Disposición adicional décimosesta establece que aos efectos do disposto na disposición adicional sexta da LOEOSF, entenderase por investimento financeiramente sustentable os que cumpra os seguintes requisitos: 1) Que o investimento se realice por Entidades locais que estean ao corrente nas súas obrigacións tributarias e ca Seguridade Social. 2) Que teñen reflexo orzamentario en algún dos grupos de programas que se citan nos apartados a) e B) da referida disposición adicional. 3) Quedan excluídos os investimentos cunha vida útil inferior a 5 anos como as que se refiren a mobiliarios e enseres, e vehículos salvo que se destinen a prestación de servizos asociados aos grupos e programas que se citan na disposición. 4) O gasto que se realice deberá ser imputado ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación local. 5) Que o investimento permita durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. 6) De acordo co artigo 3 do Real Decreto-lei 10/2019, do 29 de marzo, no suposto de que un proxecto de investimento non poda executarse íntegramente no exercicio 2019, a parte restante do gasto autorizado no 2019 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2020, financiándose con cargo ao remanente de tesouraría do 2019 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a Corporación local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2020. 7) O expediente de gasto deberá incorporar unha memoria económica específica suscrita polo presidente da Entidade e un informe do órgano interventor sobre a consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento.

(9) Chegado a este punto debemos abordar, a continuación, a aplicación das regras anteriores aos resultados concretos deducidos da liquidación do

Orzamento Municipal de 2018 do Concello de Muros, e a evaluar o alcance e natureza de cada unha das magnitudes.

#### IV. Superavit orzamentario e remanente de tesourería para gastos xerais na liquidación do exercicio 2018. Axustes extracontables e aplicación do superávit.

(10) Como xa se indicou no punto I de “Antecedentes”, os resultados que arroxa a liquidación do exercicio 2018 son o seguintes:

1. Capacidade de financiamento: 870.726,32 euros.
2. Remanente de tesourería para gastos xerais: 893.800,61 euros.
3. Débeda viva a 31 de decembro: 973.752,47 euros.
4. Porcentaxe de nivel de endebedamento: 15,27 por 100
5. Período Medio de Pago a Provedores: 31,96 días.

(11) Respecto da aplicación do artigo 12.5. da LOEOSF, que obriga a que os ingresos que se obteñan por encima do previsto destinaranse íntegramente a reducir o nivel da débeda pública, os datos deducidos do sistema de información contable a 31/12 son os seguintes a nivel de capítulo:

Previsión inicial 2018 (1)	P.Inicial capítulos 4, 7 e 8 (2)	P.Iniciais 2018 computables (3)=(1)-(2)	Recadación 2018 (4)	Recadación recursos afectados capítulo 4, 7 e 8 (5)	Recadación 2018 computable (6)=(4)-(5)	Recadación sobre previsións iniciais (+) (-) (7)=(6)-(3)
5.917.227,81	695.077,11	5.222.150,70	6.731.035,31	1.387.710,19	5.343.325,12	121.174,42

(12) O cálculo realízase en termos agregados sobre os ingresos de carácter non finalista, e polo tanto, minóranse as previsións iniciais e a recadación dos capítulos 4, 7 e 8 do Estado de Ingresos que teñen ese carácter. Por outra banda o cálculo agregado a nivel de capítulo minora o impacto negativo de aqueles conceptos de ingresos cuxa recadación foi inferior ás previsións iniciais e que polo tanto non se comportaron con regularidade. Da comparación agregada obtense un resultado positivo de 121.174,42 euros o que indica que existen excesos de recadación. Por esta contía debe amortizarse débeda mediante a aprobación dun suplemento de crédito financiado con recursos procedentes do remanente de tesourería para gastos xerais.

(13) O Concello de Muros caería, igualmente, dentro de aplicación do artigo 32.1. da LOEOSF ao situarse en superávit orzamentario, ca flexibilidade contida na disposición adicional 6ª por canto cumpre os requisitos de nivel de endebedamento inferior ao 110 por 100, arroxa superavit orzamentario en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería para gastos xerais positivo. A cuestión que debemos determinar a continuación é se o importe do remanente de tesourería para gastos xerais que se deduce da liquidación do exercicio 2018 é unha magnitude líquida a curto prazo e posteriormente establecer o límite para a aplicación do superávit.

(14) Como xa se indicou o remanente de tesourería para gastos xerais a 31 de

decembro, non recolle adecuadamente as desviacións de financiamento positivas acumuladas de exercicios anteriores derivado dos compromisos firmes de apartación materializados mediante acordos da Comisión bilateral celebradas o 26 de outubro de 2017 e 26 de outubro de 2018, relativos a área de rexeneración e renovación urbana do núcleo histórico de Muros (A Coruña) Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se prorroga o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 (Anualidades 2017 e 2018). Ditos compromisos deron lugar a cobros anticipados nos exercicios 2015, 2017 e 2018 por un total de 221.053,56 euros [modifícase o importe que se recolle no informe de Intervención núm. 123/2019 do 21/05 sobre a liquidación do Orzamento Municipal de 2018], que non foron obxecto da correspondente modificación orzamentaria nin de posterior seguimento e control individualizado a través do módulo de proxecto de gastos con financiamento afectado. Esta falta de seguimento conlevou que non se calcularan as desviacións de financiamento positivas acumuladas do proxecto, afectando ao longo de ditos exercicios ao axuste negativo do remanente de tesourería por ditas desviacións, e dando lugar a un remanente para gastos xerais superior a aquel que se configura como unha fonte de financiamento de novos ou maiores gastos. Por conseguinte, debe minorarse dita magnitude polo referido importe que debeu destinarse no seu día a financiar incorporacións de remanentes de crédito de incorporación obrigatoria previa acreditación da súa existencia. En termos de masas patrimoniais os cobros anticipados, que non foron aplicados aos gastos para os cales foron destinados, están localizados no patrimonio neto aumentando o saldo das existencias líquidas na tesourería e polo tanto trasladan o seu saldo ao remanente de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2018. O superavit orzamentario en termos de contabilidade nacional tamén ten que ser obxecto de axuste na mesma contía por canto debe minorarse polo importe dos recursos afectados procedentes de outras administracións públicas dando lugar a un menor superavit e a un valor axustado de 649.672,76 euros.

(15) No exercicio 2018 non se realizou aplicación algunha do superávit orzamentario deducido da liquidación do exercicio 2017. O remanente de tesourería para gastos xerais axustado polas referidas desviacións de financiamento positivas que non financiaron incorporacións de remanentes de incorporación obrigatoria situaron dita magnitude líquida en 16.019,07 euros, que de acordo co establecido no artigo 32.1. da LOEOSF debeu aplicarse a amortización anticipada da débeda financeira. De acordo co criterio seguido pola IGAE na consulta 2 formulada en marzo de 2018 en relación ca aplicación do superávit orzamentario, sobre o saldo do RTGX deducido da liquidación do ano 2018, debe restarse o referido importe do 2017 e aplicarse a amortización anticipada da débeda financeira.

(16) Aplicada a modificación orzamentaria anterior, así como a minoración polo importe das medidas especiais de financiamento con impacto no exercicio 2018, permite fixar o remanente de tesourería líquido en 444.905,04 euros. Esta magnitude, aos efectos do establecido disposición adicional 6ª da LOEOSF debe ser obxecto dos seguintes axustes, sen ter en conta o saldo da

conta 413 nin as devolución de ingresos indebidos pendentes de pago:

Expresión	RTGX	Superávit axustado
1. Remanente de tesourería para gastos xerais	893.800,61	870.726,32
2. (-) Axuste DF (+) acumuladas non aplicadas a incorporación de remanentes	-221.053,56	-221.053,56
3.(-) Medidas especiais de financiamento. OR no exercicio 2018.	-227.842,01	
4. (=) Remanente de tesourería para gastos xerais líquido	<b>444.905,04</b>	<b>649.672,76</b>
5. (-) Saldo RTGX do 2017 non aplicado no 2018 a amortización anticipada DF	-16.019,07	
5. (-) Amortización anticipada débeda financeira artigo 12.5. da LOEOSF	- 121.174,42	
6. (=) Remanente de tesourería par gastos xerais para aplicar a DA 6ª da LOEOSF	307.711,55	
7. (-) Saldo da conta 413 a 31/12/2018	-193.664,47	
8. (-) Amortización anticipada préstamos vivos	-114.047,08	
9. (=) Saldo final remanente	0,00	

(16) Por ser o remanente de tesourería para gastos xerais inferior ao superávit orzamentario, será o límite para a aplicación da disposición adicional 6ª.

#### V. Modificacións orzamentarias como instrumentos de aplicación do superávit.

(17) En canto as modificacións orzamentarias que permitan aplicar o superávit orzamentario, cabe realizar as seguintes consideracións:

a) Respecto da amortización anticipada de operacións de endebedamento por importe total de 251.240,57 euros, procederá, por existir dotación orzamentaria na área de gasto 0 “débeda pública”, a concesión dun suplemento de crédito con aplicación do réxime xurídico previsto no artigo 34 ao 39 do RD 500/1990, do 20 de abril e na Base 12ª das Bases de execución do orzamento municipal 2015 -prorrogadas. Esta modificación non afecta a estabilidade nin regra de gasto por cando se trata de gastos de natureza financeira.

b) Respecto dos gastos realizados sen dotación orzamentaria con imputación a conta 413, compre recordar que foron obxecto de recoñecemento extraxudicial de créditos un total de 193.664,47 euros mediante acordos plenarios do 31/01/2019 E 25/04/2019, e cuxo financiamento realizouse con minoración dos saldos de crédito dispoñible do estado de gastos, e polo tanto detraendo recursos para atender os gastos do exercicio corrente. Para repoñer os saldos de crédito dispoñible e aplicar o superávit orzamentario aos gastos realizados pendentes de aplicación orzamentaria, procederá a aprobación dun suplemento de crédito axustado, igualmente, ao réxime xurídico establecido nos citados artigos 34 ao 39 do RD 500/1990, do 20 de abril e a vinculación dos gastos xa recoñecidos e pagados e o recurso financeiro a un proxecto de gasto con financiamento afectado, para o seu control e seguimento e de conformidade co

disposto nas regras 25 e 26 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (IMNCL). Os gastos imputados a orzamento no exercicio 2019 afectan a estabilidade aumentando o superavit e a regra de gasto minorando as aplicacións económicas.

c) Finalmente en relación cas subvencións prepagables procedentes dos acordos bilaterais para a o fomento a rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbanística, por importe de 221.053,56 euros que non financiaron incorporacións obrigatorias de remanentes de crédito, esta Intervención considera, a reserva de outro criterio mellor fundado en dereito, que para restablecer o principio de afectación e poder realizar o seguimento dos proxectos, deben incorporarse ditos recursos mediante a aprobación dun expediente de incorporación de remanentes de crédito financiado co remanente líquido de tesourería ata o límite dos saldos de créditos susceptibles de incorporación a 31/12/2018 por importe de 72.578,87 euros. Adicionalmente, polo resto dos recursos percibidos (148.474,69 euros) procedería aprobar un suplemento de crédito, igualmente financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais. Estas modificacións producirá no exercicio 2019 os seguintes efectos sobre estabilidade e regra do gasto: a) A concesión e recoñecemento das subvencións ou reintegro da subvención percibida producirá en estabilidade unha redución do superavit, b) en regra de gasto as subvención que se concedan aos particulares dará lugar a un aumento do gasto computable.

## **VI. Conclusións e pronunciamento.**

### **(18) Conclusións.**

a) Por omisión no exercicio 2018 da aplicación do remanente de tesourería para gastos xerais axustado polas desviacións de financiamento positivas acumuladas non reflectidas nos proxectos de gastos, deberá aplicarse o referido saldo a amortización anticipada da débeda financeira por un importe de 16.019,07 euros.

b) De acordo cos deducidos da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2018, o Concello de Muros cae dentro dos límites dos artigos 12.5. e 32 e a Disposición adicional sexta da LOEOF, e por conseguinte, ata o importe do remanente de tesourería para gastos xerais axustado por ser menor que o superávit orzamentario, igualmente axustado, deberá procederse:

i. En primeiro lugar a amortizar a débeda financeira polo importe dos maiores ingresos obtidos no exercicio sobre as previsións iniciais, e que ascende a 121.174,42 euros.

ii. En segundo lugar a financiar o saldo da conta 413 correspondente aos gastos realizados pendentes de imputar a orzamento por importe de 193.664,47 euros.



iii. E por último, en terceiro lugar a amortización anticipada da débeda financeira por importe de 114.047,08 euros.

c) O Concello de Muros, por acadar un PMPP de 31,96 días, e exceder do límite máximo de 30 días establecido no artigo 5 do Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e procedemento de retención de recursos dos rexímenes financeiros, previtos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, non pode aplicar parte do déficit a investimentos financeiramente sostibles, debendo destinalo a amortización da débeda financeira, por aplicación directa do artigo 32 da LOEOSF.

(19) Pronunciamento. A luz dos citados preceptos e das consideracións recollidas neste informe, esta Intervención, recomenda a incoacción dos expedientes que se citan no punto V en orde a dar cumprimento ao principio de afectación dos recursos obtidos vinculados a realización de gastos específicos e ás normas previstas na LOEOSF para a aplicación do superávit orzamentario do exercicio 2018.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

## **Informe de Intervención núm. 223/2020.**

Órgano destinatario. Alcaldía –Presidencia e Pleno da Corporación.

Asunto: Expediente núm. 235/2020(2/2020SC) de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015- prorrogado por importe de 468.905,45 euros.

**D. FERNANDO V. ABRALDES ROIS**, Interventor xeral do Concello de Muros (A Coruña), en cumprimento do establecido nos artigos 220 e 221 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e aos efectos do establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, emite o seguinte INFORME:

### **I. Antecedentes.**

(1) No informe de Intervención núm. 93/2020 do 28/04 sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto, débeda pública e sustentabilidade financeira referido á liquidación do orzamento xeral consolidado do Concello de Muros para o exercicio 2019, en relación cos aspectos relevantes para a aplicación do superávit orzamentaria, púxose de manifesto no seu apartado VI o incumprimento do obxectivo de estabilidade arroxando unha necesidade de financiamento de 107.690,24 euros, e un incumprimento do período medio de pago a provedores (PMPP) que quedou fixado no último trimestre do ano en 45,31 días.

(2) A Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 191.3. do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ditou Resolución núm. 480/2020 do 28/04 aprobando a liquidación do exercicio 2019 que arroxaba como magnitudes destacadas: a) resultado orzamentario axustado : 364.933,25 euros, e b) remanente de tesourería para gastos xerais sen axustar: 724.003,74 euros.

(3) En virtude da providencia da Alcaldía do 25/09/2020 está actualmente en fase de aprobación inicial o expediente de concesión de suplemento de crédito 235/2020 (1/2020SC), por importe de 132.471,75 euros, correspondente a parte dos ingresos percibidos dos acordos da Comisión bilateral celebradas o 26 de outubro de 2017 e 26 de outubro de 2018, relativos a área de rexeneración e renovación urbana do núcleo histórico de Muros (A Coruña) Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se prorroga o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 (Anualidades 2017 e 2018)

### **II. Disposicións básicas de aplicación.**

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- RD 500/1990, do 20 de abril.

---

**Concello de Muros**

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 (A Coruña). Tfno. 981826050. Fax: 981762257



- Lei 7/1986, do 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local.
- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.
- RD legislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- RD lei 10/2019, do 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financeiros sostibles e se adoptan outras medidas en relación coas funcións do persoal da entidades locais con habilitación de carácter nacional.
- RD lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- RD lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia enerxética e outros ámbitos para a reactivación económica.
- RD lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

### III. Regras para a aplicación do superávit orzamentario.

(4) Como consecuencia da crise sanitaria, por parte da Administración do estado ditáronse o RD lei 11/2020 do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 e o RD lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica. Ditas normas, modificaron o réxime de aplicación no exercicio 2020 do superávit orzamentario do ano 2019 da Disposición adicional sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. O novo réxime establece que o superávit (ata o límite do menor entre o superávit orzamentario por operacións non financeiras e o remanente de tesourería) destinarase en primeiro lugar a amortizar débeda ata o límite do máximo do endebedamento permitido, en segundo lugar a atender os gastos realizados no exercicio sen dotación orzamentaria, en terceiro lugar a materialización do pago de gastos recoñecidos no exercicio anterior, en cuarto lugar, e ata un máximo do 20 por 100 do importe menor do superávit orzamentario e do remanente de tesourería minorado polo importe do saldo da conta 413 e, no seu caso, da cantidade destinada a amortización da débeda, poderase destinar a atender gastos extraordinarios da área de gasto 23. Finalmente, poderá destinarse o resto, de existir, a investimentos financeiramente sostibles podendo aplicarse ata un máximo do 7 por 100 para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos.

(5) A Disposición adicional centésimo décimo oitava da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, de interpretación do punto 1.b) da disposición adicional sexta que *“Co obxecto da aplicación da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade*



*orxamentaria e sustentabilidade financeira, o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumentan no marco da disposición adicional primeira da dita lei orgánica que, segundo esta, se debe descontar do remanente de tesouraría para gastos xerais, identifícase co importe das anualidades dos préstamos formalizados e vixentes co Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores, en liquidación, e cos compartimentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, correspondentes ao exercicio a que se refira o mencionado remanente de tesouraría”.*

(6) Dito isto, debe terse en conta que para a aplicación do superávit nos termos descritos nos parágrafos anteriores, deben cumprirse os requisitos da citada Disposición adicional sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orxamentaria e Sustentabilidade Financeira que, como condición principal, require que exista superávit orxamentario por operacións non financeiras e remanente de tesouraría para gasto xerais positivo. Dado que que esta Entidade na liquidación do exercicio 2019 arroxou un déficit en estabilidade de -107.690,24 euros, non cae dentro do ámbito de aplicación da citada disposicións adicional, debendo aprobar o correspondente PEF.

(7) O artigo 12.5. da LOEOSF establece como primeira regra básica para o destino do superávit que “Os ingresos que se obteñan por encima do previsto destinarase integramente a reducir o nivel da débeda pública.” O artigo 32.1. do mesmo corpo legal dispón que “No suposto en que a liquidación orxamentaria situárase en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidade Autónomas e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fora inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda.” O punto 3 do mesmo artigo aclara que “A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea”.

(8) Chegado a este punto debemos abordar, a continuación, a aplicación das regras anteriores aos resultados concretos deducidos da liquidación do Orzamento Municipal de 2019 do Concello de Muros, e a avaliar o alcance e natureza de cada unha das magnitudes.

#### **IV. Superávit orxamentario e remanente de tesouraría para gastos xerais na liquidación do exercicio 2019. Axustes extracontables e aplicación do superávit.**

(9) Tendo en conta que o concello de Muros no exercicio 2019 incorre en inestabilidade e incumprimento da regra de gasto o remanente de tesouraría para gastos xerais que constitúe unha fonte efectiva de financiamento sería o seguinte deducido da Liquidación do orzamento municipal:



Expresión	Importe
Remanente de Tesourería para gastos Xerais deducido da contabilidade	724.003,74
(-) Modificacións orzamentarias financiadas co RTGX aprobadas	-122.626,54
(-) Modificacións orzamentarias financiadas co RTGX pendentes de aprobar	-132,471,75
(=) Remanente de Tesourería para Gastos Xerais axustado	468,905,45

(10) Como xa se indicou, non é de aplicación a disposición adicional centésimo décimo oitava da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, de interpretación do punto 1.b) da disposición adicional sexta da LOEOSF, e polo tanto non procede axustar o saldo do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais polo importe das anualidades dos préstamos formalizados e vixentes co Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores, en liquidación, e cos compartimentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, correspondentes ao exercicio a que se refira o mencionado remanente de tesourería.

(11) Respecto da aplicación do artigo 12.5. da LOEOSF, que obriga a que os ingresos que se obteñan por encima do previsto destinaranse íntegramente a reducir o nivel da débeda pública, os datos deducidos do sistema de información contable a 31/12 son os seguintes :

Previsión inicial 2019 (1)	P.Inicial capítulos 4, 7, 8 e 9 (2)	P.Iniciais 2019 computables (3)=(1)-(2)	Recadación 2019 (4)	Recadación recursos afectados capítulo 4, 7, 8 e 9 (5)	Recadación 2019 computable (6)=(4)-(5)	Recadación sobre previsións iniciais (+) (-) (7)=(6)-(3)
6.576.417,69	3.415.587,88	3.160.829,81	6.777.868,61	3.897.356,95	2.880.511,66	-280.318,15

(12) O cálculo realízase en termos agregados sobre os ingresos de carácter non finalista, e polo tanto, minóranse as previsións iniciais e a recadación dos capítulos 4, 7, 8 e 9 do Estado de Ingresos que teñen ese carácter. Por outra banda o cálculo agregado a nivel de capítulo minora o impacto negativo de aqueles conceptos de ingresos cuxa recadación foi inferior ás previsións iniciais e que polo tanto non se comportaron con regularidade. Da comparación agregada obtense un resultado negativo de -280.318,15 euros o que indica que non existen excesos de recadación, susceptibles de ser aplicados a amortización anticipada da débeda.

(13) O Concello de Muros quedaría fora do ámbito de aplicación do artigo 32.1. da LOEOSF ao situarse en déficit orzamentario. En consecuencia, serán de aplicación as normas xerais contidas na RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, para o destino voluntaria do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais que, en todo caso computará, en regra de gasto aínda tratándose de investimento financeiramente sostibles.

(14) Dito isto, a cuestión que debemos determinar a continuación é se o importe do remanente de tesourería para gastos xerais que se deduce da liquidación do exercicio 2019 é unha magnitude líquida a curto prazo e



posteriormente establecer o límite para a aplicación do superávit. Dado que parte do remanente de tesourería foi aplicado a través do expediente 235/2020(1/2020IR) aprobado mediante Resolución da Alcaldía núm. 384/2020 do 26/03 o importe líquido resultante susceptible de financiar novos ou maiores gastos ascendería ao importe citado no parágrafo (12) de 468.905,45 euros.

(15) A proposta da Alcaldía de aplicación do citado remanente é a seguinte:

Proposta de aplicación do remanente líquido de tesourería	468.905,45
6. Gastos realizados sen dotación orzamentaria. REC 1/2020	-370.671,04
7. Gastos de persoal por aplicación de sentenzas xudiciais firmes	-98.235,41
<b>8. (=) Saldo final remanente</b>	<b>0,00</b>

#### V. Modificación orzamentaria como instrumentos de aplicación do superávit e efectos sobre as regras fiscais.

(16) En canto ao destino dos créditos suplementados e as modificacións orzamentarias que permitan aplicar o superávit orzamentario, cabe realizar as seguintes consideracións:

(a) Respecto dos gastos realizados sen dotación orzamentaria con imputación as contas 41313 e 41310, compre recordar que foron obxecto de recoñecemento extraxudicial de créditos mediante acordo plenario do 9 de marzo de 2020 e cuxo financiamento realizouse con minoración dos saldos de crédito dispoñible do estado de gastos, e polo tanto detraendo recursos para atender os gastos do exercicio corrente. Para repoñer os saldos de crédito dispoñible e destinar o remanente de tesourería ao financiamento do citado recoñecemento extraxudicial, procederá a aprobación dun suplemento de crédito axustado ao réxime xurídico establecido nos citados artigos 34 ao 39 do RD 500/1990, do 20 de abril e a vinculación dos gastos xa recoñecidos e pagados. Os gastos realizados sen consignación orzamentaria xa imputados ao orzamento no exercicio 2020 afectan a estabilidade aumentando as aplicacións non financeiras, implicando un menor axuste negativo e mantendo o nivel das necesidades de financiamento. En regra de gasto aumentará o gasto computable e producirá un menor axuste positivo polos gastos realizados pendentes de aplicar a orzamento, mantendo o nivel de incumprimento xa existente. A modificación restablece o saldo de créditos iniciais e permite imputar a orzamento os gastos do exercicio corrente, reducindo o saldo da conta 413 a 31/12/2020. En todo caso o impacto sobre as regras fiscais produciuse no momento do recoñecemento das obrigas resultantes da aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos.

(b) De acordo cos datos en poder desta Intervención o importe dos salarios de tramitación, intereses de demora e gastos procesais liquidados e a liquidar como consecuencia das resolución de execución de títulos xudiciais ou resolucións mediante actas procesais ditadas ou certificadas na xurisdición social, e actualmente xa executadas ou en fase de tramitación en sede



administrativa, ascenderán a 67.336,94 euros, aos cales deben engadirse os gastos por liquidacións de atrasas en concepto de cotas da Seguridade Social. En consecuencia a dotación por importe de 98.235,41 euros que se contempla no presente expediente, tería como finalidade dar cumprimento ao establecido no artigo 173.1. do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e atender as obrigas de pagos esixibles a esta facenda local como resultado das sentencias firmes ditadas polos tribunais de xustiza. As obrigas recoñecidas que se liquiden no exercicio con cargo a presente modificación producirá os seguintes efectos sobre estabilidade e regra do gasto: a) en en estabilidade un aumento das aplicacións non financeiras e das necesidades de financiamento; b) en regra de gasto dará lugar a un aumento do gasto computable e reincidirá no incumprimento.

## **VI. Adecuación do expediente de concesión de suplemento de crédito ás disposicións de aplicación.**

(17) A insuficiencia de dotación orzamentaria resulta acreditada a través dos distintos saldos dos niveis de vinculación xurídica do estado de gastos do Orzamento Municipal de 2015 –prorrogado no exercicio 2020, sobre a parte da bolsa de vinculación no afectada a proxectos de gastos con financiamento afectado. Respecto das aplicacións recollidas na Orde EHA/3565/2008 non incluídas no estado de gastos, a base 9ª das BEO/2015- prorrogadas, establece que se consideran creadas con crédito inicial cero. De conformidade co disposto no artigo 177.1. do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, as aplicacións incluídas no suplemento de crédito non teñen a consideración de ampliáveis, de acordo ca redacción dada polo Pleno da Corporación a base 13ª.2. das Bases de Execución do Orzamento de 2015 -prorrogadas, en sesión celebrada o 31 de xullo de 2019.

(18) O expediente de concesión de suplemento de crédito axústase, en canto ao seu contido e aspectos esenciais, ao establecido no artigo 37 do RD 500/90, do 20 de abril, sendo o tipo de modificación orzamentaria a que procede realizar de conformidade co disposto no artigo 35 do citado RD e no 177.1 do RD Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Neste sentido, está acreditado que se trata dun gasto específico na súa definición, e determinado na súa contía.

## **VII. Procedemento de tramitación e aprobación.**

(19) Considérase integramente transcrito e coñecido o parágrafo (9) do informe de intervención núm. 207/2020 do 29/09 en relación co expediente núm. 1/2020SC de concesión de suplemento de crédito, polo que non se estima procedente reincidir no seu contido.

## **VIII. Conclusións e pronunciamento.**

(20) Conclusións.



(a) O Concello de Muros por arrojar no exercicio 2019 déficit orzamentario non cae dentro do ámbito de aplicación do artigo 32 nin da disposición adicional sexta da LOEOSF, e polo tanto a aplicación do remanente de tesourería para gastos xerais queda sometido ás regras xerais do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, afectando a estabilidade e regra de gasto.

(b) Por non existir excesos de recadación sobre as previsións iniciais non resulta de aplicación a obriga esixida polo artigo 12.5. da LOEOSF de destinar o remanente de tesourería para gastos xerais a amortización anticipada da débeda financeira.

(d) O Suplemento de crédito configúrase como a modificación orzamentaria axustada por non existir dotación orzamentaria suficiente no estado de gastos para atender os compromisos de gastos derivados da modificación e por cumprir os criterios, requisitos e limitacións dos artigos 177 do RD lexislativo 2/2004, 36.1 e 37 do 5 de marzo e no RD 500/1990, do 20 de abril, e da Base 13<sup>a</sup> das BEO/2015 -prorrogadas.

(d) Respecto das regras fiscais, a modificación proposta non ten en sí mesma ningún impacto sobre a estabilidade, afectándolle só as obrigas que se recoñezan con cargo a maior consignación que a mesma habilita. Polo tanto a dotación para restablecer os créditos iniciais do exercicio corrente para atender gastos realizados en exercicios anteriores sen crédito orzamentario dispoñible, por estar xa liquidados producirá en estabilidade a persistencia das necesidades de financiamento e en regra de gasto o mantemento do nivel de incumprimento deducido da liquidación do Orzamento. As obrigas recoñecidas derivadas da execución de sentenzas firmes da xurisdición social aumentarán o déficit en estabilidade e dará lugar a un maior incumprimento da regra do gasto.

(21) Pronunciamento. A luz dos citados preceptos e das consideracións recollidas neste informe, esta Intervención, informa favorablemente o expediente núm. 235/2020(2/2020SC), de concesión de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, cas advertencias realizadas nos parágrafos (16), (a) e (b) en relación cos efectos que sobre as regras fiscais teñen as obrigas recoñecidas que se liquiden no exercicio como consecuencia da modificación.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

